



Dende a D.X. de Saúde Pública aválase diariamente a evolución da pandemia en base a datos de incidencia e número de casos diarios e acumulados a 14, 7 e 3 días, ademais de outros indicadores relativos tanto á presión asistencial como á capacidade para realización de probas diagnósticas e de seguimento de casos e dos seus contactos. O análise lévase a cabo tanto a nivel da Comunidade Autónoma como por provincias, áreas sanitarias, comarcas e concellos, ademais de por grupos de idade. En base a esta avaliación, entre as actuacións que se revisan co fin de frear a transmisión da Covid-19, atópanse os cribados de determinados grupos de poboación co fin de identificar casos asintomáticos.

Por outra banda, ante a existencia de casos illados ou gromos de Covid-19, en aplicación dos protocolos existentes no marco da vixilancia e control da enfermidade, xa están establecidos os mecanismos para a investigación dos casos, o estudio de contactos e o seguimento dos mesmos. No caso de darse dita situación, os servizos encargados responsables da investigación epidemiolóxica determinarán a necesidade ou oportunidade de realizar un posible cribado na contorna dos casos ou gromos existentes.

En relación coa solicitude que nos traslada, podó asegurarlle que a mesma terase en conta á hora de priorizar ditos cribados co fin de maximizar os resultados en función dos recursos dispoñibles.

Agradecéndolle a súa comunicación, aproveito para enviarlle un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Saúde Pública

Carmen Durán Parrondo

Documento sinado dixitalmente por:
Carmen Durán Parrondo (691627202) - 08/03/2021 16:50
https://sede.xunta.gal/validador/SWOC/CI/CI/ECOH/OF/IO/TDE/-/COM/PA/PA/1101/2021/06/07

